

“Cando fago literatura é cando son máis eu”, confesa Víctor F. Freixanes. Ao outro lado do teléfono abrolla o novelista que se desafia en cada palabra para dar coa música da tradición oral, a mesma que vai apañando, día a día, nese caderno seu no que recada a fala dos vellos, dos que manteñen viva a nosa lingua. Este Freixanes que agora fala confíanos sen pexas as vereas e meandros que cruzan *Cabalo de ouros*: un cantar de cego que quebra o silencio da posguerra, poñendo sobre o tapete os naipes da corrupción e da cobiza dos anos do wolfram máis dándolle pulo á afouteza das mulleres que se erixiron en sostén dun país derrotado.

—Dezasete anos pasaron dende que saíu do prelo *A cidade dos césares*. É moito tempo sen publicar unha nova novela...

—É que eu estou metido en moitos fandangos, que che vou contar. Son moitas fronteas ao mesmo tempo e, ás veces, un ten a sensación de que nos pasa como á xeración aquela da que falaba sempre Otero Pedrayo, cando eu lle preguntaba en *Unha ducia de galegos* que qué lle gustaría ser de maior e el dicía que novelista... pero acabamos facendo de todo: sindicatos, partidos, asociacións profesionais, edición... E eu metínme moito na industria cultural porque entendo que sen unha infraestrutura cultural realmente operativa no país, todo o demais non funciona.

—Entre tantos labores, a ficción convértese nun desafío?

—Non creas. Para min, a literatura é unha cousa moi seria, probablemente o que máis en serio me plantexa. E ademais moi persoal. Non fago concesións, ou intento non facelas; eu escribo o que intimamente desexo escribir e, ademais, intentando desafiarme a min mesmo, formulando a literatura como unha especie de busca, de problema a resolver... Iso esixe moito tempo, pero tamén ten moito de pracer, de realización persoal. Non sufro nada escribindo, aínda que logo haxa momentos onde tes que enfrontarte ás frustracións, porque unha cousa é o que tes na cabeza e outra cousa é o que che sae.

—En *Cabalo de ouros* ofrécelle aos lectores un cantar de cego. Por que elixi este xénero?

—Foi saíndo. Primeiro naceu ese limiar “en tempo de afinación e fuga”, a parte á que máis voltas lle dei porque o que quería era atoparlle o punto á novela. Eu creo que a novela é como unha sinfonía: hai que encontrarlle o ton, hai que saber se a queres compoñer en Fa Maior ou en Si Bemol. E para iso hai que dar co punto de afinación dos instrumentos todos do relato: os personaxes, as situacións, os mundos que vas evocar logo ao longo das páxinas, o propio narrador, que non é o autor exactamente do libro, como ben sabes, aínda que teña moitas cousas persoais e ata autobiográficas, algunhas chiscadelas aos meus tíos, por exemplo. A idea do limiar, entón, é conseguir que todos eses instrumentos afinen. Por iso lle dei tantas voltas, e reescribino cinco ou seis veces. Está sen un punto e a parte, todo seguido como unha enxurrada, deixándoo vir coma un cadoiro para que,

Víctor F. Freixanes

“A literatura é unha cousa moi seria, non fago concesións”

Unha partida de cartas, unha historia de amor, a febre do wolfram, o silencio dos vencidos e a loita polo poder dos vencedores, a emigración que muda en segunda oportunidade... Con estes instrumentos, ben afinados dende o limiar, compón Víctor F. Freixanes a súa nova novela, Cabalo de Ouros: unha sinfonía que vai executando a melodía da memoria ata daren nun epílogo, cando menos, inesperado

NATALIA ÁLVAREZ

segundo ía escribindo, fora o propio limiar o que me dera o punto da sinfonía. Deste xeito, a entrada no cantar faise con naturalidade, sen que se produza un salto, tanto para o lector como para o narrador. E despois só hai que deixarse ir con esa música interior que vai saíndo.

Por outra banda, canto comezas o limiar, a sensación é a de entrar nunha especie de labirinto ou de universo onde o máis importante non son as pequenas historias que aparecen, que se os tíos do narrador, que se o wolfram, que se o Quintín de Borela e a Americana, senón que o importante é o bosque. E eu doulle ao lector unha lanterna para orientarse por el, para que, ao iluminar as distintas sombras, vaian collendo volume, vaian collendo significación segundo avanza. É escribir con búsola, non con mapa.

—E logo do limiar chega o cantar de cego...

—Así é. Porque o cantar de cego é a memoria, é iso que está aí aboando no aire, que se transmite de xeración en xeración, que forma parte case do ADN da tribo, dunha tribo que non escribiu os sucesos porque non puido. Repara en que é unha historia de posguerra e, por tanto, está chea de silencios, produto da complicidade dos loqueiros que fixeron o negocio na operación e produto do medo das vítimas ou dos que se sentiron vítimas. Uns e outros estableceron unha enorme lousa de silencio que só é vencida polo cantar de cego, por esa música que está detrás, nunca escrita, que se vai transmitindo na tradición oral e que recolle o narrador.

—*Cabalo de ouros semella, logo, unha homenaxe á literatura oral.*

—É o intento de traer ao texto literario a tradición oral. O libro, sobre todo a primeira parte, está contado dende a música e a estilística da oralidade. Logo, cando xa aparece a historia de Venezuela, hai un cambio de rexistro...

—*Pero é un cambio de rexistro tamén dentro da oralidade, esa conversa que mantén o narrador con dona Amalia...*

—É xornalismo, é distinto. É un xornalista, somos ti e mais eu vaciando unha fonte. Pero o outro é a música do cantar, con todos os seus meandros. Eu vivo na aldea dende hai dez anos e escoito moito falar á xente. Vou sempre cun caderno anotando as expresións, anotando as palabras que están vivas. A lingua está moito máis viva do que pensamos, cunha estilística expresiva enorme, ademais. E os vellos gozan narrando... Esa historia do cura de Boullón, esa historia é real, ese personaxe existiu. E as partidas da época do wolfram, de Lousame e de Santa Comba... todo está aí. Por iso tamén hai un momento no que o narrador lle di ao lector: isto é todo certo...

—*“Nada do que deseguido se relata é invención do narrador”...*

—Claro. Todo o que se narra, e ademais asegúrocho, todo é certo. Se cadra non con eses nomes e apelidos e se cadra non exactamente con esas situacións, pero todo o que se conta aí sucedeu realmente.

—*A historia central de Cabalo de ouros é esa partida de cartas que durou tres días e tres noites no lugar do Pasamundos...*

—Esa partida sucedeu realmente. Non no lugar do Pasamundos, que non existe, pero si foron tres días e tres noites. E xogouse dun xeito moi parecido, coas partes apostando a vida, moitísimo diñeiro. Tivo moita sona. Por outra banda, a partida de cartas dábase pé tamén para facer a metáfora do poder, da furia, da clandestinidade, do oportunismo, dos trepas, da ambición, da falta de escrúpulos... Aí hai moitas cousas, pero especialmente hai unha loita polo poder. E fíxate que non é un bando contra outro porque haxa bos ou malos; todos eles son uns peixes de moito coidado, todos están metidos no mesmo fandango, porque era un tempo histórico que producía ese tipo de personaxes. Eu a eses personaxes vinles a cara e aínda que aí hai nomes cambiados, algúns deles teñen nomes e apelidos.

—*Quizais porque lles veu a cara está tan*

ben traída esa cobiza que trouxo consigo a febre do wolfram...

—A febre do wolfram e, sobre todo, unha época onde todo era corrupto. Había a sensación aquela, que se repite na novela varias veces, de “gañamos unha guerra, hai que repartir o botín”. O problema é que daquela guerra non estaba o botín claro e todo o mundo quería unha parte da tallada. E ademais sen escrúpulo ningún, claro, porque non había leis e valía todo.

—*O cantar de cego deulle pé tamén a inserir todas esas historias que fan que a novela flote nunha sorte de atemporalidade...*

—Iso tamén é moito do cantar de cego, moito desa tradición oral, do mito convertido en literatura neste caso, que por outra banda está noutros libros meus tamén. E é moi consciente. E fíxate que se repara, cada historia, a pesar de suceder fóra do tempo da narración —unha na época da francesa, outra no tempo dos mouros...—, exemplifica no fondo a historia de Rosaura e do pobre do licenciado Lobeiras. A Rosaura é a Señora do río, a Rosaura é a Amarinda, a Rosaura aparece na historia de Matías de Amaral... Está en todas, ata na sor Magdalena dos Sete Cravos. Unha das cousas das que estou máis contento desta novela é das mulleres, que teñen un papel como non tiveron en ningún dos meus libros anteriores.

—*Precisamente é unha muller, dona Amalia, a que protagoniza a última parte do libro. Por que decidiu rematar a travesía da ficción en Venezuela?*



“O cantar de cego é a memoria, é iso que forma parte do ADN dunha tribo que non escribiu os sucesos porque non puido”

—Ten moito de xeracional. A miña familia tiña emigrantes alá, algún emigrante/exiliado, ou polo menos escapado da miseria de aquí. Nos anos 50 Venezuela era o lugar onde marchaba todo o mundo, e alá vai dona Amalia, esa muller que só aparece ao principio do cantar, cando se describen os personaxes e se fala de Pico Serrano, o seu home, que se pega un tiro tras ela marchar a Venezuela. Iso deume pé a pegarlle un cambio de xogo á novela. O relato xa estaba moi centrado no que pasaba no Pasamundos, na partida, en todos os personaxes que embocan alí e tamén nas historias que van salferidas polo medio. Pero ao relato había que darlle unha volta, había que sorprendere ao lector cambiándolle o xogo. Son os trucos dos que falaba Blanco Amor, os artificios: cando ti esperabas que isto vai saír por aí, de repente está saíndo por outro lado. Son ese tipo de cousas que non se notan pero que o escritor debe ter o máis controladas posible, para sacarles logo o máximo rendemento operativo. E ese final é do que máis contento estou porque, primeiro, é unha muller a que me dá xogo, e segundo, é unha muller que cambia totalmente o rexistro. É un final que me permite ademais contar cousas que non están no libro, como a relación da xente maior cos fillos, a relación das parellas naquela época, a violencia dentro do matrimonio e o sometemento da muller a unhas regras rixidas da moral da posguerra nacional-católica. Iso está todo aí metido, pero ao mesmo tempo tamén está esa rebeldía e esa forza

interior que eu vin en moitas mulleres do noso país. Dona Amalia como tal non existe pero eu coñezo catro ou cinco persoas cunha historia moi semellante, mulleres que, por exemplo, na época do estraperlo practicamente sostín a economía da familia, facendo o diñeiro e buscando a vida. É como se a guerra das ideoloxías fora cousa dos homes, mentres elas se erixían no sostén do edificio, con todo o pulo, con toda a forza, mesmo marchando fóra.

Por outra banda, tamén elixín Venezuela porque coñecía ben o mundo aquel da Irmandade Galega. Sempre tiveron moita curiosidade polo que eu chamo a rede social dos galegos fóra, e cando fun no 83, a Irmandade Galega de Venezuela era a máis poderosa, desprazando xa a forza das sociedades galegas na Arxentina. De aí vén o “Farruco” Sesto, por exemplo, que é ministro con Chaves, fillo de Pepe Sesto e sobriño de Manolo Sesto, que son os do Partido Galeguista que marchan de Pontevedra para alí. Alí está tamén Celso Emilio Ferreiro, alí está Óscar Noia, pai de Paz Noia e irmán de Lluís Noia, de Gráficas Númen, que é do PCG; alí se crea un dos núcleos do PCG e da UPG... Venezuela foi un foco moi importante de actividade política por parte da emigración galega neses anos, e coma eu coñecía ese mundo funme para alá con eles.

—E logo tamén está esa Vilanova de Alba que desaparece, quizais un espello dunha Galicia xa extinta?

—Ten algo de parábola, de metáfora. Xa



sabes que nos meus artigos eu sempre practico un optimismo gramsciano, entusiasta, porque creo que a realidade hai que transformala dende a ilusión, non dende o pesimismo reaccionario. Pero cando fago literatura, como che dixen antes, é cando son máis eu, e eu as cousas non as veo... tan ben. Eu penso que, nalgúns casos, Galicia realmente é un país con vocación suicida. E iso é o que fai Vilanova de Alba; é pechar a porta e botar os sabos to-

dos por riba dos mobles, como cando se pechan as casas que xa non se habitan e o último que apague a luz. Iso xa estaba en *O triángulo inscrito na circunferencia*. Porque eu creo que esta novela pecha unha triloxía, que comeza con *O triángulo...*, continúa con *A cidade dos césores* e acaba aquí, con *Cabalo de Ouros*, coma a fin dun canto, que diría Ferrín.

—A medida que me fago máis vello son máis lector, dixó hai pouco nunha entrevista. Élle doado separar a lectura por prazer da lectura por traballo?

—Si, si. Eu disfruto moito lendo. E leo dende Santo Agostiño ou Thomas Mann, que están citados no principio do libro, ata Borges ou Alejo Carpentier, que é un dos meus grandes autores. Pero pasando por volver a Otero Pedrayo, un escritor que cando lle les *Devalar* ou *Os camiños da vida* dan ganas de pararse e aplaudir, porque o tipo maneixa unha lingua e unha capacidade de evocación metafórica arreor do mundo fantástica. E tamén leo aos contemporáneos. Por exemplo, agora estou con *Periferias*, de Iolanda Zúñiga, que me interesa moito; e tamén está o Premio Blanco Amor deste ano, *O imposible de desatar* de Iván García; ou *Fíos*, de Xurxo Sierra, Premio Repsol. Leo moito por razóns profesionais pero tamén por razóns de prazer. Un dos meus praces, non inverno sobre todo, é prender a cheminea e mirar a ver que podo ler. E acabas en Maupassant ou, de repente, dás con Cicerón e a súa *De Senectute*. Por certo, que a partir dos 50 anos todo o mundo tería que ler a Cicerón.

Disfruto moito moito coa lectura, e cada vez son máis lector. Pero tamén escribo moito. Creme que teño tres ou catro cousas empezadas, alguha delas mesmo adiantada. O que pasa é que teño rachas: escribo moito nos hoteis, nas viaxes, escribo moito nas vacacións. Por exemplo, este verán pequeime sentadas de 8 ou 10 horas de ordenador con este libro, porque estaba nese momento do pracer de volvelo rescribir todo, cando tes todo montado e empeza o que chamamos a arte fina, cando tes que ir peneirando, puíndo, tocando aquí, axustando alá... Iso é exquisito e moi gratificante para min. E ben, como teño unha compañeira que aguanta carros e carretas... [rí]

—En Galiza temos moi bos escritores, pero temos lectores dabondo?

—Esa é seguramente a parte máis dura. Temos unha enorme capacidade de creación pero temos un público escaso ou polo menos insuficiente. A riqueza do catálogo do libro é enorme, pero nos lectores, aí seguimos a ter dificultades. Que se miramos cara atrás con perspectiva, avanzouse moitísimo, nunca se leu tanto como se le agora, pero somos poucos. Somos 2.700.000 persoas, e tendo en conta que nas sociedades desenvolvidas os lectores veñen sendo o 35% da poboación... E a iso hai que sumar que nesta sociedade temos un problema, que é o da lingua, que segue a estar en peli-gro grave.

—Cales son os pasos que se deben dar, dende o mundo editorial pola parte que lle toca, para ampliar eses lectores e lograr que a lingua deixe de estar en perigo?

—Unha editorial, que é unha empresa, ten que facer o mellor posible os seus produtos, o mellor posible a selección dos seus autores e dos seus textos, pensando na diversidade de públicos que hai. Ten que editar en condicións, para poder competir con calquera outra edición do mundo. Hoxe mesmo vimos de publicar *O soldadiño de chumbo* cun libro-cine en colaboración con Continental, unha obra que pode competir con calquera libro do mundo, na Feira de Boloña, na Feira de Frankfurt... onde sexa. Temos que facelo ben, temos que publicar con pulcritude, e logo temos que saber lanzar, apoiar, promocionar, estimular, animar... Somos uns axitadores culturais tamén. E dicir, os editores galegos non somos máquinas de facer libros sen máis; estamos comprometidos cunha causa moi definida e así o sentimos todos, mesmo aqueles que semella que van máis ao seu.



FOTO: XOÁN ÁLVAREZ

“A lingua está
máis viva do
que pensamos,
cunha estilística
expresiva enorme,
ademais”

“En Cabalo de
Ouros as mulleres
teñen un papel
como non tiveron
en ningún dos meus
libros anteriores”

“Sen unha
infraestrutura
cultural realmente
operativa no país,
todo o demais non
funciona”